

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 7 DE OUTUBRO 2013.

### **ASISTENTES:**

#### **Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

#### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup> Ana María Abad López

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D. José Manuel López Hermida

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Balseiro López

D. Leandro Quelle Franco

D. Alberto Santos Vázquez

#### **Ausente:**

D. Manuel Angel Meitin Rouco

#### **Secretario:**

D. Luís M. Fernández del Olmo

#### **Interventora:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día sete de outubro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DE DATA 27 DE AGOSTO DE 2013. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta da sesión plenaria de data 27 de agosto de 2013.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador da acta da sesión antecitada sesión plenaria .

Polo Secretario Municipal ponse en coñecemento da Corporación, que debido a un erro na redacción do decreto de convocatoria da presente sesión, o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo concello pleno o pasado 12 de agosto de 2013 será sometida ó coñecemento e votación do pleno corporativo na vindeira sesión ordinaria a celebrar por dito órgano.

### **2º.- RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE XOVE (R.P.T.). PROPOSTA DE ALCALDÍA. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta do epígrafe obrante no expediente.

Polo Sr. Alcalde explícase á Corporación cal foi o procedemento seguido para a elaboración da R.P.T. salientando a participación activa de todos e cada un dos traballadores municipais, e o feito de ter acadado o apoio unánime dos representantes sindicais integrantes da Mesa Xeral de Negociación.

Polo Sr. López López manifestase que á vista do apoio dos representantes dos traballadores, o Grupo Municipal do BNG vai votar a favor.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase a súa intención de votar a favor, engadindo que este traballo tiña que estar feito fai tempo, e que na elaboración da R.P.T. non facía falla ningunha empresa allea á administración municipal, bastando cunha comisión paritaria corporación/traballadores.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes ás sesión, acorda:

1º) Aprobar inicialmente a proposta de Alcaldía do epígrafe, que a seguir se transcribe integramente:

*JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove.*

*Unha vez rematado o procedemento de elaboración da Relación de Postos de Traballo do Concello de Xove coa súa aprobación, por unanimidade dos seus membros, da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Xove na súa sesión de data 30 de setembro de 2013.*

*Unha vez emitido e incorporado ao expediente o Informe emitido polo Secretario, a Interventora e mailo Encargado do Servizo de Nóminas e Recursos Humanos.*

*Pola presente propono ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Aprobar a Estrutura Organizativa da administración do Concello de Xove reflectida na Relación de Postos de Traballo redactada pola empresa Rodríguez Viñals S.L. obrante no expediente.*

*SEGUNDO.- Aprobar a Relación de Postos de Traballo do Concello de Xove elaborada pola empresa Rodríguez Viñals S.L. e ás Valoracións dos Postos de Traballo reflectidas na mesma.*

*TERCEIRO.- Aprobar a Proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe:*

*a) Fixar como valor Euro/Punto do colectivo de persoal funcionario co que deberá converxer o persoal laboral: 15€/Punto.*

*b) Fixar como valor Euro/punto do colectivo do persoal laboral: 5'11€/ Punto.*

*c) Fixar como valor Euro/Punto de partida da converxencia do persoal laboral co persoal funcionario no exercicio 2014: 6€/punto.*

*d) Establecer un prazo de converxencia desde o 2014 ata o 2023 a razón de 1€/Punto por ano.*

*e) Establecer que os Complementos Persoais Transitorios ( CPTs ) resultantes da aprobación da RPT absorberán o 50 % dos incrementos retributivos que no seu caso establezan para cada exercicio a correspondente Lei de Presupostos Xerais do Estado.*

*CUARTO.- Supeditar a aplicación do acordado ao que, no seu caso, establezan as sucesivas leis de presupostos xerais do Estado ou calquera outra normativa que afecte directa ou indirectamente aos colectivos de persoal laboral e/ou funcionario.*

2º) Expor ao público a citada R.P.T. durante o prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte o de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A R.P.T. considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente a Relación de Postos de Traballo, no prazo de trinta días, remitirase copia á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma. A Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia.

### **3º.- INFORMACIÓN PERIÓDICA SOBRE A EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS E DO MOVEMENTO DA TESOURERÍA MUNICIPAL. DAR CONTA.**

Pola Interventora Municipal dáse conta á Corporación e explícanse os aspectos máis salientables do expediente do epígrafe.

A Corporación dáse por enterada.

### **4º.- ACTUALIZACIÓN DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBECTIVO DE ESTABILIDADE, DA REGLA DE GASTO E DO LÍMITE DE DÉBEDA. DAR CONTA.**

Pola Interventora Municipal dáse conta á Corporación e explícanse os aspectos máis salientables do expediente do epígrafe.

A Corporación dáse por enterada.

**5º.- INFORME CORRESPONDENTE Ó 3º TRIMESTRE SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI 3/2004 MODIFICADA POLA LEI 15/2010 POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE. DAR CONTA.**

Pola Interventora Municipal dáse conta á Corporación e explícanse os aspectos máis salientables do expediente do epígrafe.

A Corporación dáse por enterada.

**6º.- MARCOS ORZAMENTARIOS A MEDIO PRAZO (2014-2016) EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NA LEI ORGÁNICA 2/2012 DE 27 DE ABRIL DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTENIBILIDADE FINANCIERA DESENVOLVIDA POLA ORDE 2015/2012 DE 1 DE OUTUBRO. DAR CONTA.**

Pola Interventora Municipal dáse conta á Corporación e explícanse os aspectos máis salientables do expediente do epígrafe.

A Corporación dáse por enterada.

**7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG (REXISTRO DE ENTRADA 3049) INTERESANDO DA XUNTA DE GALIZIA UNHA PARTIDA ECONÓMICA NOS ORZAMENTOS DE 2014 PARA ATENDER O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN TÓDOLOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Coa autorización da Presidencia, polo Sr. López López dáse conta á Corporación e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

***MOCIÓN PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALIZIA UNHA PARTIDA ECONÓMICA NOS ORZAMENTOS DE 2014 PARA ATENDER O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) EN TODOS OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES.***

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*Nos últimos anos, a grave crise que estamos padecendo provocou un incremento importante de persoas que demandan e necesitan recorrer aos servizos sociais públicos para cubrir boa parte das súas necesidades máis básicas e fundamentais.*

*Paralelamente, mentres estes casos ían en aumento, os gobernos do PP, tanto na Xunta de Galiza como no Estado, amparándose nesta crise e na súa propia filosofía política, veñen aplicando un brutal recorte orzamentario no financiamento dos servizos sociais (Lei de Dependencia, Servizo de Axuda no Fogar, Centros de Día, Escolas Infantís...), que está afectando a miles de familias galegas.*

*Un exemplo claro e grave desta política témolo no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, aprobado polo Consello da Xunta o ano pasado, que establece un novo modelo de financiamento para os servizos de benestar en Galiza e determina importantes modificacións co anterior modelo, o que está a supor na práctica, un trato claramente discriminatorio para os concellos con menor poboación, á par que avanza na privatización e o copago destes.*

*Así, o artigo 47 deste Decreto determina que fican excluídos de axudas públicas por parte da Xunta de Galiza o Servizo de Axuda no Fogar nos concellos de menos de 20.000 habitantes, o persoal adscrito aos equipamentos sociais de titularidade municipal (centros de día ou escolas infantís...) nas citadas entidades e as unidades de traballo social (persoal dos servizos sociais, agás os traballadores e as traballadoras sociais) nos concellos de menos de 20.000 habitantes.*

*Esta decisión política do Goberno da Xunta de Galiza significa que 293 concellos foron excluídos da axuda do goberno galego para o servizo da axuda no fogar, o que provoca que arredor de 100.000 galegos e galegas vexan minorado o servizo que se lles viña prestando, favorecendo con iso a perda de emprego para boa parte das persoas que viñan traballando na prestación deste servizo público, básico e fundamental no medio rural.*

*A prestación deste servizo básico no medio rural, estase facendo neste momento con recursos moi reducidos mentres a Xunta de Galiza se desentende deste grave problema e das persoas que o padecen.*

*A situación é cada vez máis grave e o Goberno da Xunta de Galiza non pode seguir eludindo as súas responsabilidades, e moito menos descargándoas noutras institucións, á hora de dotar os concellos rurais dos recursos económicos e humanos necesarios para facer fronte a este grave problema social e asegurar a prestación acaída do servizo de axuda no fogar aos miles de familias galegas que o necesitan e o están demandando a diario.*

*Por iso, solicitamos do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:*

- a) Esixir do Goberno da Xunta de Galiza a incorporación dunha partida orzamentaria nos Orzamentos para o ano 2014, similar en contía á recollida nos Orzamentos da Xunta do ano 2010, para asegurar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar e o resto dos servizos sociais básicos en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes.*
- b) Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta e aos portavoces de todos os grupos políticos do Parlamento galego.*

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde sinalase que en condicións normais, o Grupo Popular non tería inconvincente en apoiar esta moción, pero dito voto favorable resultaría absurdo tendo en conta que é precisamente a Deputación Provincial de Lugo (Gobernada polo PSOE e o BNG) a única das catro deputacións galegas que incumprindo o disposto na Lei Galega de Servizos Sociais, por certo aprobada polo goberno bipartito PSOE-BNG, negouse a formalizar o correspondente convenio coa Xunta de Galicia para garanti-lo financiamento dos Servizos de Axuda no Fogar dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Lugo.

Polo Sr. López López respóstate que a Deputación Provincial de Lugo non incumpriu lei ningunha, xa que se limitou a non ser cómplice na aplicación dun decreto do goberno autonómico do Sr. Feijoo, concretamente o Decreto 99/2012 de 16 de Marzo que o Consello Consultivo de Galicia, no seu preceptivo informe conclúe que dito decreto é contrario ó ordenamento xurídico.

Remata a súa intervención o Sr. López sinalando que a través de dito Decreto, a Xunta de Galicia intentou recortar aínda máis os recursos destinados a Servizos Sociais.

Polo Sr. Santos Vázquez sinalase que máis aló de interpretacións xurídicas, o que si é claro e evidente e que o goberno autonómico do Partido Popular ano tras ano ven recortando dun xeito brutal os fondos destinados a políticas e servizos sociais.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos en contra dos Sres/Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, e Quelle Franco e Balseiro López, acorda rexeita-la aprobación da moción do epígrafe.

Os Sres. López López, López Hermida, e Santos Vázquez votan a favor da súa aprobación.

**8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, (REXISTRO DE ENTRADA 3057), INSTANDO A ADOPCIÓN DE ACORDO, REXEITANDO E CONDENANDO A ACTIVIDADE DO GRUPO TERRORISTA RESISTENCIA GALEGA. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Polo Sr. Alcalde dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

*O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A partir do ano 2006 Galicia está padecendo violentos actos de terrorismo cuxa autoría a banda Resistencia Galega ten reivindicado en varios casos. Entre eles están múltiples atentados consistentes na colocación e denotación de diversos artefactos explosivos e incendiarios en sedes de partidos políticos, organizacións sindicais ou empresariais, entidades financeiras, empresas,*

*administracións públicas, etc; así como nas vivendas de persoas relacionados co ámbito xudicial, universitario ou político.*

*A mediados do mes de setembro deste ano 2013 a Audiencia Nacional condenou a catro integrantes de Resistencia Galega por diferentes delitos de terrorismo, como son a tenencia de explosivos con fins terroristas, a participación en organización terrorista ou a falsificación de documentos oficiais con fins terroristas.*

*Según a sentenza, a Policía Nacional interceptou a estes terroristas con artefactos que contaban con sistemas temporizados de ignición "en perfectas condicións para lograr a súa explosión", coa que terían provocado desperfectos materiais e "posto en perigo a vida e integridade das persoas". Así mesmo, a Audiencia Nacional cualificou a Resistencia Galega como unha "organización terrorista" que "ten por finalidade subvertir a orde constitucional e que "xustifica o emprego de violencia contra as persoas e os bens como único medio de lograr os seus propósitos".*

*Os partidos democráticos defendemos a dignidade do ser humano e os dereitos e liberdades que lle son inherentes, especialmente o dereito á vida e á integridade física e moral e propugnamos a democracia e o Estado de Dereito como base dunha convivencia en pluralismo, liberdade e igualdade. En consecuencia, opoñémonos e condenamos o uso da violencia para defender calquer tipo de posicionamento ou postulado político ou ideolóxico e tamén rexeitamos calquer tipo de declaración ou acción que lexitime ou xustifique o terrorismo.*

*Calquer tipo de violencia, e por suposto a terrorista, non ten cabida nunha democracia. Todos os cidadáns e, especialmente, os representantes públicos debemos estar unidos na súa condena e en ningún caso desculpando ou minimizando feitos que poden atentar contra a vida e a integridade das persoas.*

*Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Xove eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:*

- 1. Manifestamos o noso rexeitamento e condena a todo tipo de actos de terrorismo e entre eles os levados cabo pola organización terrorista Resistencia Galega.*
- 2. Solidarizámonos coas vítimas dos atentados terroristas e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables destas actos.*
- 3. Rexeitamos calquer tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou minusvalore a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos.*

*Aberto o debate, polo Sr. López Hermida manifestase que este tipo de moción-trampa lle resultan ofensivas, política e persoalmente, xa que hoxe mesmo e por enésima vez o Sr. Vence, como máximo representante do BNG, ten volto a rexeitar e condenar rotundamente calquera clase de violencia.*

*Polo Sr. López López manifestase que a postura do BNG fronte a este tipo de mocións, cuido único obxectivo é intentar criminalizar o nacionalismo galego, reflíctese no escrito cuia transcripción na acta da sesión se solicita, e que, a seguir se transcribe:*

*O Partido Popular está a pór en marcha unha clara estratexia de criminalización do BNG. Iniciouna o delegado do Goberno español na Galiza, Samuel Juárez, coas súas inaceptábeis declaracións respecto do BNG. Sucédéronse a continuación manifestacións de diversos dirixentes do PP na mesma dirección, así como unha "liña informativa" da CRTVG coherente con ese mesmo esquema, ou a aparición en xornais como "El Mundo" de supostos informes policiais que vencellaban o BNG con accións violentas, xustamente na semana en que xulgaban en Madrid varios mozos independentistas. Cómpre lembrar aquí que a primeira ligazón que realiza Samuel Juárez entre BNG e terrorismo ten a ver coa participación activa de Francisco Jorquera, xunto con outros centos de persoas, no intento de evitar o despexo da súa vivenda dunha persoa de avanzada idade na Coruña.*

*Non é a primeira vez que o PP utiliza unha campaña destas características co fin de danar o nacionalismo galego. Prodúcese nun contexto en que é evidente a determinación do BNG para*

*combater as políticas antigalegas e antisociais do PP desde o Goberno español e a Xunta de Galiza. Esta é a desesperada estratexia do PP que, por certo, en España non está tendo repercusión ningunha moi a pesar dos intentos do españolismo máis recalcitrante do noso país.*

*Hai poucos meses puidemos de ver no Brasil manifestacións masivas nas súas principais cidades, algunhas mesmo con episodios minoritarios de violencia. A resposta do Goberno de Dilma Rousseff foi recoñecer as protestas, valorar positivamente a mobilización do pobo brasileiro na defensa dos servizos públicos básicos e ofrecer un gran pacto para avanzar no camiño demandado polos manifestantes.*

*No entanto, no noso país xa sabemos cal é estratexia do PP: a criminalización de toda protesta social. “Todo es ETA”: as plataformas pola estafa das preferentes, a plataforma Stop Desafiuzamentos, a asociación de emigrantes retornados, as plataformas en defensa da sanidade e da educación públicas, as forzas políticas da oposición...*

*O Bloque Nacionalista Galego rexeita a violencia como medio de actuación política e acredita nas solucións políticas e nas vías pacíficas como os únicos procedementos lexítimos de intervención na procura dunha sociedade máis xusta, máis libre, máis democrática e respectuosa co dereito de todas as persoas e de todos os pobos a viviren unha vida digna e autónoma.*

*Historicamente, o Partido Popular utilizou o terrorismo como coartada para tapar os problemas e conflitos sociais e políticos, sen importarlle nunca ás cúpulas do PP o custo indecente desta actitude co obxectivo de conseguir votos, facendo incluso negocios persoais con empresas de seguridade privada. Faino tamén agora, máis unha vez, para ocultar a situación dramática que está a padecer o pobo galego. Tamén, singularmente, para demonizar as persoas e organizacións que, desde posicións inequivocamente democráticas, defendemos o dereito do pobo galego á soberanía política.*

*Nestes momentos, continuando coa súa estratexia de criminalización do BNG, o PP está a rexistrar mocións de rexeitamento dun terrorismo que non existe na Galiza nun momento no que vén de rematar un xuízo a respecto do que existen moitas dúbidas e incertezas, e no que a resolución ditada polo tribunal non é firme. De feito, os avogados da defensa xa anunciaron a súa intención de recorrer a sentenza en casación perante o Tribunal Supremo.*

*Tendo en conta a triste e desprezable intención política do Grupo Municipal Popular de Xove de criminalizar e acusar os concelleiros do Grupo Municipal Nacionalista de connivencia coa violencia, sexa cal sexa a súa expresión, cremos necesario fixar claramente a nosa posición a este respecto, con base nos seguintes cinco puntos:*

*1. É máis que coñecida a posición contraria do BNG, como organización democrática e pacifista, a calquera tipo de acto ou estratexia política de carácter violento. A nosa formación política sempre condenou, e continuará a condenar, o uso da violencia para conseguir calquera tipo de aspiración política e social.*

*2. Hoxe, no noso país, non existe terrorismo, nin a sociedade galega manifesta ningún tipo de percepción nin preocupación nese sentido. Se preguntamos na rúa a cen persoas, de forma aleatoria, cales son os problemas que lles preocupan no seu día a día, sairán cuestións como o desemprego, a vivenda, o medre da pobreza, a falta de perspectivas da mocidade, a corrupción, a emigración xuvenil, a estafa bancaria, a demolición das clases medias, os lumes, o ensino, a sanidade e incluso a xustiza; mais non o terrorismo. Sinxelamente porque non existe como tal. Xa que logo, non ten sentido pedir que se condene o que non existe simplemente coa finalidade de obter espurios réditos políticos. Nese sentido, resulta esperpéntica a referencia que se fai na moción do Partido Popular a unhas vítimas inexistentes na procura de causar unha alarma social que desvíe a atención da cidadanía dos problemas reais da sociedade.*

*3. Esta moción responde unicamente a unha estratexia evidente para desviar a atención tanto da podremia corrupta instalada no cerne do Partido Popular como dos problemas reais que ten o país. É un fraco intento por desviar a opinión pública de casos de corrupción masiva, como na Deputación de Ourense ou no Concello de Santiago, ou o internacional caso Bárcenas. E tamén para agochar as amizades con narcotraficantes dun presidente da Xunta con mala memoria que,*

*cando era alto cargo, facía viaxes de pracer e andaba de marcha en festas privadas nos iates dos señores da droga.*

*4. Coa presentación desta moción neste e no resto de concellos galegos, o Partido Popular busca igualmente criminalizar a protesta social e intimidar a cidadanía máis consciente, crítica e activa, ao tempo que quere darlle amparo a unha cada vez máis forte represión contra as protestas cidadáns que, lexitimamente, están a responder desde a rúa ás súas políticas de empobrecemento social. Estamos, pois, diante dunha cortina de fume do PP para ocultar o que de verdade preocupa a galegos e galegas: o empobrecemento social, o espolio das maiorías sociais e do país, e a corrupción xeneralizada dun sistema político e económico apodrecido por dentro. Incluso con alarmantes casos de presunta malversación e graves despilfarros de diñeiro público no eido do poder xudicial, ou a recoñecida e pública afiliación ao PP de destacados membros da xudicatura aos que a lei lles esixe independencia e imparcialidade.*

*5. A violencia que existe na Galiza é, xustamente, a das políticas da UE e do Partido Popular. Esas políticas son as que están a causar un grave incremento da pobreza e da exclusión social, un grave proceso de desertización da nosa economía e da nosa base produtiva e unha clara fractura social a partir do crecemento evidente das desigualdades.*

*Violencia é que te estafen e che rouben os aforros dunha vida con produtos como as preferentes e subordinadas. Violencia é quedar na rúa por causa dunha banca gangsteril que agora especula masivamente tras ser rescatada con diñeiro público. Violencia é non poder seguir a estudar por non ter diñeiro para pagar a matrícula universitaria. Violencia é ter que marchar da Galiza para buscar un futuro que aquí se che nega. Violencia é pasar toda a vida traballando para que agora che recorten unha pensión xa de por si escasa. Violencia é desesperar na procura de crédito para seguir adiante co negocio, co comercio ou coa empresa, perfectamente viábel se o diñeiro que vai para os bancos se destinase a garantir financiamento ás pemes, autónomos e familias. Violencia é que desde Europa se che negue a posibilidade de producir e de crear riqueza e emprego nos sectores básicos da túa economía. Violencia é recortar en saúde, en educación, en igualdade, en dependencia..., mentres que os que recortan reciben e reciben sobornos millonarios e serán premiados no futuro con postos nas grandes entidades e empresas ás que hoxe benefician coas súas decisións.*

*Unha vez máis o Partido Popular predica unha cousa e fai outra. Nesta moción indecente que veñen de presentar din que rexeitan calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou minusvalore a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos; pero foron incapaces de reprobar o alcalde de Baralla, Manuel Fernández Capón, que manifestou no pleno do seu Concello que as vítimas dos crimes do franquismo merecían. O Partido Popular evita censurar no Parlamento Galego as declaracións de Capón que xustifican os crimes e asasinatos producidos durante o franquismo, e despois pretende darnos leccións de democracia e integridade.*

*Por todo isto, manifestamos que imos votar en contra desta moción talibán que pretende criminalizar os concelleiros nacionalistas en xeral, e os edís do BNG na Corporación de Xove en particular, e que demostra ben ás claras quenes son os radicais no noso concello. Non seremos cómplices da estratexia de criminalización ideolóxica que vostedes queren poñer en marcha, ao tempo que insistimos, de novo, en que acreditamos nas solucións políticas e nas vías pacíficas como único medio lexítimo de intervención para conseguir unha sociedade máis xusta e máis libre.*

*Polo Sr. Alcalde respóntase que hai uns feitos obxectivos que ninguén pode negar, como son, dunha banda a existencia dun grupo organizado autodenominado resistencia galega, que se dedica entre outras cousas a poñer bombas e artefactos explosivos en lugares públicos, e doutra banda que dito Grupo ten sido calificado como terrorista pola Audiencia Nacional, razóns polas cales resulta intolerable o intento dos concelleiros do BNG de minimizar ou incluso banalizar a gravidade destes feitos, intentando xustificalos en certa medida polos graves problemas que está a sufrir parte da poboación como consecuencia da crise.*

*Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que o obxectivo da moción é puramente político.*

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres/Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Quelle Franco, Balseiro López, e Santos Vázquez acorda aproba-la moción do epígrafe.

Os Sres. López López, e López Hermida, votan en contra da súa aprobación.

**9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, (REXISTRO DE ENTRADA 3058), VERBO AOS INCUMPRIMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN MATERIA DE POLÍTICAS DE BENESTAR E NO FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE AXUDA NO FOGAR.**

Polo Sr. Alcalde dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

*PROPOSTA DE ACORDO*

*O Pleno da Corporación municipal acorda:*

**Primeiro.-** *Esixirlle á Deputación provincial de Lugo que cumpra a normativa vixente en materia de servizos sociais achegando os recursos precisos para o financiamento dos gastos íntegros do servizo de axuda no fogar básico e para a contratación de persoal distinto aos traballadores sociais.*

**Segundo.-** *Reprobar o comportamento e a falta de sensibilidade do Goberno bipartito provincial para coas persoas maiores e dependentes da nosa provincia e a súa negativa a asumir as obrigas de cooperación e colaboración que por lei lle corresponden*

**Terceiro.-** *Darlle traslado deste acordo ao Presidente e Vicepresidente da Deputación Provincial de Lugo e a todos os grupos políticos con representación na Corporación provincial.*

Polo Sr. López López manifestase que a postura do BNG fronte a este tipo de mocións reflíctese no escrito cúa transcripción na acta da sesión se solicita, e que, a seguir se transcribe:

*Os orzamentos do Estado para o ano 2012 recollían un recorte do 48%, en relación ao ano anterior, nas transferencias do Estado ás CC.AA. como avance das intencións do PP de ir dinamitando as políticas sociais como despois se foi confirmando en todas as medidas decididas, incluída a paralización da Lei de Dependencia.*

*O goberno galego, co Sr. Feijoo á fronte, en liña cos recortes ideolóxicos en materia de servizos públicos do Partido Popular e vendo a importante rebaixa nas dotacións económicas da Xunta para políticas sociais, no canto de reclamar ao “goberno amigo de Madrid” o mantemento ou incremento das transferencias do Estado para políticas sociais incluídas no Plan Concertado, decidiu adiantarse á rebaixa de recursos aprobando o Decreto 99/2012 de 30 de marzo que desenvolve a Lei Galega de Servizos Sociais desentendéndose do financiamento destes servizos nos concellos de menos de 20.000 habitantes e responsabilizando ás deputacións, concellos e mais aos propios usuarios/as do mantemento do servizo; xa que o decreto impuña tamén a modificación das ordenanzas fiscais que se aplican nos municipios polo servizo, con subas desproporcionadas nas taxas (incluso por riba do prezo de mercado), que están facendo que moita xente prescinda do servizo público para optar polo privado.*

*Neste tema sobran os argumentos técnicos. É importante ter en conta o Ditame Xurídico 3/2012 do Consello Consultivo de Galiza sobre o Decreto 99/2012 de Servizos Sociais aprobado polo PP. O Consello Consultivo é un organismo que debe ser consultado obrigatoriamente nos supostos de regulamentos que se diten en execución de leis. Este órgano independente manifesta de xeito literal no seu informe:*

*«Pois ben, o expediente instruído non se axusta ás prescricións contidas nos referidos preceptos. En efecto, se ben figura nel o informe da Asesoría Xurídica Xeral, datado o 10 de febreiro de 2011, constátase que, con posterioridade á súa emisión, se levaron a cabo novos trámites e, particularmente, se evacuaron aqueles informes propios da fase intermedia do procedemento de*



elaboración normativa (artigo 42 da Lei 16/2010), como o da Secretaría Xeral de Igualdade (15.04.2011), os das Dirección Xerais de Orzamentos (24.11.2011), Tributos (20.12.2011) e Administración Local (24.01.2011), ou o da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma (26.12.2011).

Esta constatación resulta relevante por canto o proxecto que agora se somete a ditame deste Consello Consultivo presenta, ao longo do seu articulado, numerosas diferenzas con aquel que foi informado pola Asesoría Xurídica Xeral. Parte delas derivan de observacións contidas nalgún dos informes a que vén de aludirse, existindo constancia nas memorias complementarias emitidas pola Secretaría Xeral de Política Social con datas 15 e 29 de decembro de 2011, pero doutras se descoñece a súa exacta orixe, pois non se motiva no expediente.

En calquera caso, as modificacións introducidas son tan numerosas e de tal entidade que cabe afirmar que o texto que se somete a ditame deste Consello Consultivo carece do previo e preceptivo informe da Asesoría Xurídica Xeral, coa conseguinte infracción do establecido no artigo 43 da Lei 16/2010; precepto que non por casualidade sitúa este trámite na fase final do procedemento de elaboración da norma, e inmediatamente antes do informe da Secretaría Xeral Técnica da Consellería.

A defectuosa práctica de tan cualificado trámite implica, ademais, privar a este Consello Consultivo dun elemento de contraste imprescindible sobre as cuestións de legalidade que o proxecto poida suscitar, e impide, de feito, unha axeitada análise das mesmas, sustentando unha primeira tacha de legalidade en relación co procedemento seguido na elaboración do texto.

Unha observación similar cabería facer en relación co trámite de audiencia das entidades interesadas, que se levou a efecto sobre unha versión inicial do proxecto e, por tanto, sen ter rematado o seu proceso de elaboración interna. A única excepción a este proceder o foi con relación á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), que, segundo cabe deducir dos seus escritos, formulou consideracións ao proxecto en diferentes ocasións, constando no expediente as emitidas con datas 7.10.2010 e 23.12.2011. Mais, incluso logo destas últimas, o proxecto recibiu novas modificacións en boa parte dos artigos que integran o seu capítulo VIII, froito de observacións contidas en informe da Intervención Xeral de data 26.12.2011.

Tendo en conta que o proxecto diríxese a regular aspectos tan relevantes para as entidades locais como son o establecemento, prestación e financiamento dos servizos sociais comunitarios, chama a atención, por outra banda, o feito de que o proxecto non fose sometido á consideración da Comisión Galega de Cooperación Local, dada a súa configuración como órgano permanente de colaboración para a coordinación entre a Administración autonómica e as entidades locais galegas.

De conformidade co observado na consideración segunda, debe formularse tacha de legalidade á tramitación seguida na elaboración do proxecto, por infracción das normas de procedemento contidas no Capítulo II, do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, e particularmente no seu artigo 43.1, ao omitirse o informe da Asesoría Xurídica Xeral sobre o texto que agora se somete a ditame.»

E o Consello Consultivo continúa dicindo no seu ditame a respecto das competencias das Deputacións provinciais:

«Outras precisións do texto, tales como a contida no punto 3, consonte á que “as Deputacións provinciais apoiarán prioritariamente o financiamento do SAF básico aos concellos de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento aos ditos concellos para a contratación de persoal dos equipos con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia que se regula no artigo 37 deste decreto”, non figuraban na versión precedente nin foron, por tanto, susceptibles de ser coñecidas polas entidades locais a que afectan no curso da tramitación do proxecto.

En particular debe sinalarse a limitación ás “corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes” do alcance de tal financiamento básico, tanto no que atinxe a determinados gastos de persoal, como nos derivados da prestación do servizo de axuda no fogar, na súa modalidade de prestación

básica. Tal limitación sería discriminatoria e incompatible co disposto no artigo 61.1 da Lei de Servizos Sociais de Galicia, pois consonte a este precepto tódolos concellos (e non só os de poboación igual ou superior a 20.000 habitantes) veñen na obriga de asegurar, como mínimo, a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal. »

Polo que, despois destas consideracións, este organismo colexiado chega á seguinte **CONCLUSIÓN**:

«Por todo o anteriormente exposto, o Pleno do Consello Consultivo de Galicia, por maioría dos seus membros con dereito a voto, ditamina:

“Que o proxecto de decreto polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, resulta contrario ao ordenamento xurídico polos motivos a que se refire a consideración cuarta”.»

Cal é a consecuencia desta resolución imparcial? A consecuencia é que mesmo a Deputación de Ourense se amosou inicialmente en desacordo con este decreto e a Deputación de Lugo teno recorrido e está á espera de resolución. Non se pode ditar unha norma contraria a dereito e, por riba, querer impoñela. Son dúas irregularidades nunha. Isto é un exemplo claro da política habitual do PP, baseada en medias verdades que, como calquera persoa de ben sabe, fan bastante máis dano que as mentiras enteiras.

O artigo 53.2 incluído no Título VI relativo ao financiamento dos servizos social que figura na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galiza aprobada polo noso goberno no ano 2008, indícase literalmente: «A atribución ás entidades locais de competencias de titularidade autonómica en materia de servizos sociais deberá ir acompañada da transferencia dos medios económicos, materiais e persoais que resulten necesarios para o seu adecuado exercicio». O problema é que vostedes sempre len o que lles convén, agárranse ao artigo anterior e se teñen que capar a lei, cápana. Pero as cousas son como son.

O verdadeiro problema para vostedes é que a Lei Galega de Servizos Sociais supuxo a creación dun novo marco lexislativo no que se cimentaba o primeiro Sistema Galego de Benestar Nacional. Un sistema que contén dúas características propias que a vostedes lles provoca urticaria: Galego e Benestar. Pero o certo é que teñen a lexitima potestade de modificalo. Hai outras medidas que están tomando que atentan contra a dignidade das persoas e non vemos que lles trema a man. Poden crear, por exemplo, unha Ley Regional de la Beneficencia que substitúa a nosa. Só terían que cambiar unha norma que outorga dereitos (a actual) por outra que dea esmolos gratificables, que é o que realmente lles reina. Non sería nada novo, é algo no que xa están collendo experiencia noutras áreas, como por exemplo na sanidade.

As intencións do Sr. Feijoo e o Partido Popular sobre o financiamento dos servizos sociais básicos xa se viu incluso antes da aprobación do Decreto 99/2012. No caso da provincia de Lugo, o reparto de gasto entre Xunta e Deputación entre os anos 2010 e 2012 foi derivando nun progresivo incremento por parte da Deputación mentres a Xunta rebaixaba até deixar en cero a súa participación unha vez aprobado o decreto:

<b>ANO</b>	<b>XUNTA</b>	<b>DEPUTACION</b>	<b>SAF</b>
2010	1.300.000	500.000	SAF
2011	430.000	600.000	SAF
2012	0	600.000	SAF
2013	0	650.000	SAF

O ano pasado vostedes aprobaron o malchamado DECRETO 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. E o propio Consello Consultivo estalles dicindo no seu ditame que non se “regulan” os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, senón que se “modifican”. No dereito existe o principio fundamental da xerarquía normativa. Esta é unha regra esencial para dotar o noso ordenamento xurídico de certa seguridade. As normas ordénanse xerarquicamente, de xeito que as de inferior rango non poden

*contradicir as superiores, baixo risco de nulidade. Isto é o que acontece aquí, un simple decreto non pode modificar unha norma con forza de lei.*

*Por todas estas razóns, votaremos en contra desta “moción das medias verdades”. Votaremos en contra desta iniciativa presentada por un partido con responsabilidades de goberno en Madrid, Santiago e Xove que ten todos os mecanismos ao seu dispor para promover un sistema do Benestar de calidade. Outra cousa é que queiran.*

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres/Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Quelle Franco, e Balseiro López, acorda aproba-la moción do epígrafe.

Os Sres. López López, López Hermida, e Santos Vázquez votan en contra da súa aprobación.

### **10º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, ( REXISTRO DE ENTRADA 3059), VERBO Á ATENCIÓN E TRATAMENTO DE PACIENTES ONCOLÓXICOS NO HOSPITAL DA COSTA. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Polo Sr. Alcalde dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

***O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR A TRAVÉS DA SÚA PORTAVOZ, DÑA. ANA MARÍA ABAD LÓPEZ, EN BASE Á LEXISLACIÓN VIXENTE, PRESENTA A SEGUINTE. MOCIÓN RELATIVA Á ATENCIÓN E TRATAMENTO DE PACIENTES ONCOLÓXICOS NO HOSPITAL DA COSTA***

#### ***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*O novo modelo de integración sanitaria da provincia de Lugo contribúe a afondar na coordinación e capacidade de resposta do SERGAS ante o cidadán, o que debe traducirse nunha mellora na prestación e calidade dos servizos públicos sanitarios.*

*Entre as vantaxes da nova organización tense demostrado que os hospitais públicos -como o de Burela- non só non teñen eliminado ningún servizo ou unidade, senón que, na práctica, acontece todo o contrario: un reforzo da súa carteira de servizos, evitando o desprazamento de pacientes, sempre que estea clinicamente indicado e sexa posible.*

*O Partido Popular vén defendendo a necesidade de reforzar os recursos e servizos existentes no Hospital da Costa. Está a facelo impulsando, desde a responsabilidade de goberno na Xunta o proxecto de ampliación do centro -contratación do proxecto de redacción do plan director- pero tamén, demandando a dotación de novos servizos e, máis en concreto, a posibilidade de que os pacientes oncolóxicos da Mariña lucense podan recibir a asistencia ao seu proceso e a quimioterapia no lugar máis cercano, no hospital de Burela.*

*Sen lugar a dúbidas que os doentes oncolóxicos poidan recibir o seu tratamento médico no centro hospitalario máis próximo ao seu domicilio, constitúe unha vantaxe evidente tanto para a propia persoa afectada -que xa de por si ten que batallar cos efectos secundarios do tratamento- como tamén para as súas familias. Deste xeito, poderían evitarse longos traxectos pois ata o de agora estes enfermos teñen que desprazarse ata Lugo ou á Coruña*

***PROPOSTA DE ACORDO :*** *O Pleno da Corporación municipal acorda instar á Xunta de Galicia a atender aos pacientes oncolóxicos da Mariña lucense -durante a maior parte posible do seu proceso- no lugar máis próximo ao seu domicilio, isto é, no Hospital da Costa, en Burela.*

Polo Sr. López López manifestase que a postura do BNG fronte a este tipo de mocións reflíctese no escrito coia transcripción na acta da sesión se solicita, e que, a seguir se transcribe:

*O PP está presentando mocións tipo nos concellos de Mariña e Lugo Sul nunha campaña de propaganda diante da posta en marcha dun servizo de oncoloxía nos Hospitais de Burela e Monforte despois de ter aprobado o Decreto de Xestión Integrada que deriva á capital da provincia as competencias de xestión das áreas sanitarias de Monforte e A Mariña. Unha derivación que o PP sempre negou por activa e por pasiva, incluso botando man de panfletos que*

*se repartiron baixo o hipócrita título de “A VERDADE SOBRE A SANIDADE DA MARIÑA” nos que se recollía por escrito o compromiso da Xunta de garantir a “continuidade e total autonomía da Área Sanitaria da Mariña” e no que aparecían manifestacións de Alberto Núñez Feijóo vertidas o 04/10/2009 na Festa da Faba de Lourenzán nas que aseguraba literalmente que “o Hospital de Burela desfrutará dunha autonomía total, non vai depender para nada de Lugo”.*

*A poboación da nosa comarca é consciente do retroceso que supón a perda de autonomía na xestión sanitaria. Os recortes orzamentarios no presuposto 2013 do Servizo Galego de Saúde supuxeron no caso da atención primaria unha tallada de 6,7 millóns de euros (con consecuencias como a perda na Mariña de tres prazas de facultativos en Cervo, Xove e Ribadeo), e na asistencia especializada perdéronse no Hospital da Costa 2,25 millóns de euros, na súa maior parte dedicados a persoal. A este brutal recorte súmase unha xerencia provincial que non entende de necesidades asistenciais e serve aos intereses partidistas do Goberno galego, como xa se fixo noutras comunidades do Estado, coa intención de converter a sanidade pública nun negocio gorentoso e entregar este servizo fundamental a mans privadas.*

*Esta moción do PP ven dar publicidade a unha iniciativa do Sergas que xa está tomada no sentido de ofrecer un caramelo en forma de “novo servizo”. Un presunto “novo servizo” que nace en precario e que non supón melloras substanciais para evitar o constante traslado de pacientes a centos de quilómetros da comarca para recibiren tratamento en hospitais públicos e privados para unha doenza tan grave como o cancro.*

*A nosa intención con esta emenda é a de concretar esta iniciativa propagandística do PP, que non ten reparos en xogar coa sensibilidade da xente creando falsas expectativas cun servizo que vai ser ineficiente.*

#### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE ENGADIDO:**

*O Pleno da Corporación municipal acorda tamén:*

*1.- Instar a Xunta de Galiza á creación na Mariña dun Hospital Oncolóxico de Día coa dotación de medios persoais e materiais, e mais dun espazo físico que permita a atención integral do paciente oncolóxico. Tamén se establecerá unha Unidade de Cuidados Paliativos e Hospitalización a Domicilio con recursos humanos, materiais e parque móbil suficiente que permita atender a veciñanza de todos os concellos da área sanitaria da Mariña.*

*2.- Reclamar da Xunta de Galicia a posta en funcionamento do Servizo de Radioterapia no HULA e así evitar desprazamentos a outras provincias.*

*Polo Sr. Alcalde respóndase que se ben, parte do engadido proposto polo BNG é perfectamente asumible, xa que de feito algunhas das peticións xa están a ser atendidas polo SERGAS como o caso da Unidade de Cuidados Paliativos, ou a posta en marcha do programa de hospitalización domiciliaria, outra parte do contido da proposta de engadido e de tal magnitude que sería mellor que se plantexara como unha moción independente.*

*Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la moción do epigrafe anteriormente transcrita.*

#### **11º) ROGOS E PREGUNTAS.**

*Polo Secretario Municipal dáse lectura á pregunta por escrito, presentada polo Grupo Municipal do BNG e que a seguir se transcribe integramente:*

*Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, EXPÓN:*

*O pasado día 10 de setembro o Partido Popular anunciou o apoio que a Xunta vai prestar a seis concellos da nosa bisbarra para potenciar o programa de redución do abandono escolar. O Goberno galego achegará 70.000 euros para financiar actividades educativas nos municipios de Burela, Cervo, Foz, Ribadeo, O Vicedo e Viveiro.*

*O noso concello quedou fóra destas axudas e, polo tanto, o alumnado xovense non poderá beneficiarse deste apoio para a educación secundaria, ou dos programas de cualificación profesional inicial. Así mesmo, a xente nova que xa non está no sistema educativo non poderá*

*preparar as probas de obtención dos distintos títulos oficiais, como o graduado en ESO ou outros estudos de formación profesional de grao medio ou bacharelato.*

*Por todo isto, desde o noso grupo municipal quixeramos saber:*

*1º. Están dacordo desde o Concello coa exclusión do alumnado de Xove destas axudas e o trato discriminatorio realizado polo Goberno autonómico do PP?*

*2º. Financiará o noso Concello un servizo municipal paralelo ao impulsado pola Administración autonómica ou reclamaralle á Xunta un trato igualitario?*

Polo Secretario Municipal dáse lectura á resposta escrita que igualmente se transcribe integramente:

*A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou no DOG núm. 88 a Orde do 26 de abril de 2013 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar nos concellos de Galicia para o ano 2013.*

*Tendo en conta que ó longo de todo o curso escolar 2012-2013, no Concello de Xove non se activou o protocolo de absentismo escolar, que consiste en que os propios centros de ensino se poñen en contacto co Departamento de Servizos Sociais Municipal para intervir de forma integral e coordinada coas familias afectadas nos supostos de absentismo e ou abandono escolar.*

*Pódese afirmar que, afortunadamente, no Concello de Xove o abandono e/ou absentismo escolar non constitúe un problema todo o contrario ao que sucede noutros Concellos da Mariña nos que o abandono e/ou absentismo escolar constitúe un problema gravísimo e precisan potenciar a atención educativa dos colectivos máis vulnerables, como o alumnado inmigrante ou o alumnado en risco de exclusión social (minorías étnicas).*

*Por ambos motivos, decidiuse non solicitar a subvención mencionada. Sen descartar a posibilidade de facelo no futuro, no caso de que as circunstancias cambiasen (activación do protocolo de absentismo).*

**Por Secretaría dáse lectura ó Rogo que por escrito ten presentado o Grupo Grupo Municipal do BNG e que a seguir se transcribe integramente:**

*Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, presenta o ROGO que segue:*

*Que desde o Concello de Xove se preste a máxima colaboración cos centros escolares do municipio á vista do peor comezo de curso que se recorda, coa supresión do dereito a comedor gratuito a todo o alumnado con dereito a transporte e a inseguridade na aplicación do decreto de comedores escolares, co establecemento dun repago de 4,5 euros por pícaro e o consecuente mercantilismo desta parte esencial da educación obrigatoria dos menores.*

Polo Sr. Alcalde manifestase que non é admisible intentar manipular as familias nun tema tan delicado e nuns tempos tan duros como os actuais, xa que o BNG sabe sobradamente que 4,5 € somentes ten que pagalos as unidades familiares con maiores ingresos económicos e que máis do 60 % dos alumnos terán comedor gratuito.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde manifestando que o criterio de renda é o máis xusto á hora de determinar a contía a abonar pola prestación de servizos.

Polo Sr. López López preguntase ó Sr. Alcalde porque razón non comunicou ós concelleiros do BNG a convocatoria de xuntanza presentada pola plataforma de emigrantes retornados.

*Polo Sr. Alcalde respóndese que non convocou a ninguén pola sinxela razón de que non tivo coñecemento da celebración da dita xuntanza ata última hora, cando xa lle resultaba imposible asistir.*

Polo Sr. López Hermida preguntase si a empresa Urbaser rematará os traballos de baldeo da Avda. da Deputación que quedaron sen acabar.

*Polo Sr. Alcalde respóndese que ditos traballos se acabarán en breve.*

Polo Sr. López Hermida preguntase o Grupo de Goberno se ten coñecemento do que parece un vertedoiro “pirata” con plásticos e rodas preto do Campo de Fútbol.

*Polo Sr. Alcalde respóndese que en dito lugar efectúase o acopio provisional de plásticos de uso agrícola para facilitala súa recollida, engadindo que é certo que algúen aproveitou para depositar unhas rodas.*

*Remata a súa intervención, sinalando que a solución deste problema pasa por acondicionar un espazo cerrado para efectuar os labores de acopio devanditos.*

Polo Sr. López Hermida preguntase que empresa está a face-la recollida dos contedores amarelos.

*Polo Sr. Alcalde respóndese que dito servizo o está efectuando na actualidade a mercantil URBASER.*

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e trinta minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

